

Lei 2/1989, do 9 de xaneiro, pola que se declaran de utilidade pública determinadas actuacións da Xunta de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 324, do 13.12.1988.

Acordo de tramitación polo procedemento de lectura única, DSPG núm. 108, do 20.12.1988; BOPG núm. 324, do 13.12.1988.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 110, do 27.12.1988.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 332, do 31.12.1988.

Diario Oficial de Galicia núm. 7, do 11.1.1989.

Boletín Oficial del Estado núm. 37, do 13.2.1989.

Lei 2/1989, do 9 de xaneiro, pola que se declaran de utilidade pública determinadas actuacións da Xunta de Galicia

A Súa Santidade Xoán Paulo II visitará Galicia no próximo mes de agosto de 1989, incorporándose así á peregrinación que el mesmo promoveu, facendo unha chamada á mocidade mundial.

Tan alto acontecemento ten, loxicamente, as súas esixencias materiais, entre as que cabe enumerar, fundamentalmente, a dispoñibilidade do espacio preciso para que a Súa Santidade se poida reunir cos peregrinos co fin de que estes reciban directamente a mensaxe papal e para que o Sumo Pontífice realice sen dificultades o seu encontro coas novas xeracións dentro do marco compostelano.

Por outra parte, a peregrinación precisa, nunha cidade como Santiago e no seu entorno, dunhas instalacións temporais que atendan o aloxamento, a manutención e a sanidade de tan magna concentración humana.

A cidade de Santiago non dispón de espazos públicos suficientes para atender tal demanda transitoria de servizos, nin tampouco dispoñen outras Administracións Públicas de propiedades axeitadas para tal finalidade.

Polo tanto, é preciso crea-lo marco xurídico que lle permita á Administración Autonómica Galega realiza-las actuacións de todo tipo que a visita da Súa Santidade a Galicia esixe, e entre elas a posible expropiación de bens inmobles e a parcial de facultades limitadas de dominio ou de dereitos de conformidade co establecido no artigo 28.2 do Estatuto de Galicia.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei pola que se declaran de utilidade pública determinadas actuacións da Xunta de Galicia.

Artigo único

1. Declárase de utilidade pública a expropiación de bens inmobles e a parcial de facultades limitadas de dominio ou de dereitos que sexa precisa para acoller na súa estancia en Santiago de Compostela a Súa Santidade Xoán Paulo II e a Xornada Mundial da Xuventude, que terán lugar no mes de agosto de 1989.

2. As expropiacións realizaranse de conformidade co rexime establecido pola Lei de Expropiación Forzosa e o seu Regulamento.

Disposición derradeira primeira

Queda autorizada a Xunta de Galicia para a execución da presente Lei.

Disposición derradeira segunda

A presente Lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 1989

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente